

## CANTARELIÑA

**Ramón Díaz Raña**

¡Cantos sentimentos burbullan o soar esta palabriña! Foron moitas as ilusións que algúns puxemos nesta empresa. No ano 1982 o [Grupo Saraibas](#) decidímonos organizar o que xa había tempo lle viñamos dando voltas. A iniciativa foi miña. Primeiro comenteino repetidas veces con Miguel, Martín e Regina Cinza. Parecíalles ben, pero imposible... Eu era máis optimista. Tiña ao meu favor o haber visto na RAI, estando en Roma polos anos 69-70, un concurso de cancións infantís que me chamara poderosamente a atención. Era [Zecchino d'oro](#) que precisamente polo Nadal celebran os 55 anos de andaina. Pensei que algo parecido podía facerse en Galiza.

Andando o tempo, e máis metido na problemática do idioma galego, decateime do importante que sería para a nosa fala e a nosa cultura que os nenos cantaran no seu idioma cancións axeitadas a eles. Facía este cálculo: se ao ano se crean 50 novas cantigas, aínda que nada máis que 5 cheguen a ser populares e cantadas polos nenos, estamos creando unha riqueza cultural imposible de valorar.

Din convencido ao Grupo e tirámonos ao baleiro. Así foi de verdade. Non tiñamos nada en absoluto onde agarráramos. Só a nosa teima.

Coma sempre, baralláronse moitos nomes ata que **CANTARELIÑA** foi o que máis gustou. Como lema quedamos co que presentou Miguel “*Mentres canten os meniños Galicia será inmorrente*”. Reflexaba perfectamente a intención última do que pretendíamos facer. “*Quere dicir, á inversa, que o día que os meniños non canten, Galicia terá morrido*”.<sup>1</sup>

É certo que o Grupo tirou para adiante sabendo que o peso da organización ía caer sobre min. Non estaban enganados. Con todo, distribuímonos o traballo.. Miguel levaba todo o relativo aos Medios de Comunicación (Prensa, Radios, TV...), Martín fíxose cargo do tocante á economía, ás gravacións e venda dos discos, e eu todo o referente aos Grupos participantes, montaxe dos Xurados e dos festivais... Así estivemos funcionando os oito anos que durou Cantareliña. Busquei persoas amigas nas Cidades de Lugo, Ourense, Pontevedra, e Vigo que nos axudaron moito na organización dos festivais das respectivas provincias. Sensibles á idea coma nós, moveron canto puideron para que a xente participara. Eran como unha delegación do Grupo. Estaba en constante contacto con eles. Traballaron por amor á idea que entrañaba Cantareliña. Como por amor ao arte colaboraron tantos e tantos que me é imposible recordar. Para mostra, vaia o meu recordo agradecido a [Ramón Irigo Silva](#) que coa súa arte debuxou as portadas dos discos da 5ª, 6ª e 7ª edición; a Xesús Bonino, sempre animoso colaborador, a Pablo Barreiro...

Das visitas ás autoridades para presentar a idea e solicitar axudas habería moito que contar. Lembro que [Filgueira Valverde](#) recibíunos cos brazos abertos. Non ben entramos no seu recibidor e comezamos a falar, sóltanos: “*Iso era o que quería facer eu*”. “*É necesario e urxente*”. “*Felicitovos de verdade*”. Saímos máis contentos que unhas Pascuas. Íamos humildes expoñer a nosa idea e atopamos unha acollida espléndida. O malo foi que, despois de tanta louvanza, os apoios foron escasos.

<sup>1</sup> Así se expresaba o noso colaborador en Lugo, **Moncho Reimunde** (La Voz, 8 marzo 84).

Outra visita, que recordamos polo mala, foi a que lle fixemos a [Fernández Albor](#). Cando solicitamos a entrevista xa lle deixáramos algún dos discos. Pero o día que nos recibe non tiña nin idea, pero nin idea, do que levábamos entre mans. Deunos unha impresión pobrísima. Non nos collía na cabeza que os seus axudantes non lle prepararan algo as visitas que ía recibir. De pena.

Lembro tamén a que tivemos con [Alfredo Conde](#), sendo Conselleiro de Cultura. Valorou moi positivamente o ben que redactábamos as presentacións dos trípticos de cada ano. Aparecían sen firma, pero todos sabíamos quen as escribía. Agradécese que un bo literato aprecie o que se fai.

O primeiro ano celebramos os festivais nas capitás de provincia e, ao rematar cada festival, o xurado seleccionaba as cancións que participarían na final de San Sadurniño. O segundo ano foron todos os Grupos a Santiago. Conseguíamos que a 2 de Televisión Española retransmitira as diversas actuacións. Gravábanse no salón de actos do Colexio dos Salesianos de Santiago. Recordo con moita emoción a actuación do *Grupo Leticia* do Colexio Masdias de Caranza (Ferrol) dirixido por [Ánxela Loureiro](#). Cantaban a *Buxaina Brincadeira*, con letra e música de Manuel “Tranquilo”. Eu estaba sentado perto do final do salón. Gustoume tanto a canción que, ao ver a Ánxela Loureiro tan avanzada na súa xestación dirixindo o Grupo, a emoción puido comigo. Ledas bágoas asomaron polas meixelas. Sentía que algo novo nacía como a criatura que estaba empurrando por ver a luz na barriga de Ánxela. Dixen para min: “*Por escoitar esta cantiga na voz destes meniños ben paga a pena o invento de Cantareliña*”. Non me será doado esquecer aquel momento. Agora que o recordo, renacen os mesmos sentimentos.

*“Discos, cancións, unha realización rica que ninguén deixará de recoñecer. Pero, mesmo por iso, non pode pasar desapercibido outro labor, intelixente e orixinal, que a xente de Cantareliña nos ofrece, ano tras ano, coa edición do álbum musical: a publicación de dez contos baseados en cadansúa canción. Deste xeito, os nenos poden cantar e gorentarse coa lectura de enxeñosas narracións...Contos que gustarán a pequenos e grandes. A lectura destes breves, pero moi coidados textos, é o complemento idóneo das cancións, para facer realidade a arela expresada polos animadores de tan importante feito cultural.”<sup>2</sup>*

É que xunto co disco elaborábamos un libretiño no que ían as letras e partitura das cancións con un conto algo referente ao tema da cantiga.

Seríame imposible contar todas as incidencias que nos aconteceron nos oito anos. Destaco que o ano 1986 outorgóuselle a Cantareliña o [Premio da Crítica](#) como iniciativa cultural. Foi gañando espazo nos medios de comunicación. Logramos que La Voz de Galicia, grazas ao interese de Siro, lle adicara un amplo espazo nos *Cuadernos de Cultura* (8-marzo-84) con artigos de Ramón Piñeiro, Xosé Chao e Moncho Reimunde; no 27 de xuño de 1985 cunha preciosa colaboración de Siro e tamén o 4 de xuño de 1987. A contraportada do Periódico do 30 xuño de 1988 está adicada enteiramente ao certame. Así mesmo, no *Cataventos* de El Ideal Gallego do 26 de febreiro do 86 ocupa unha páxina enteira. Na revista *Outeiro* de Caixa Galicia, marzo 1984 publiquéi as seguintes reflexións que xa saíran na revista *Irimia* (12 febreiro). Son soamente unha pequena proba do espazo que ocupa nos Medios escritos.

### *Cantareliña, unha festa para os nenos galegos*

---

<sup>2</sup> **X.Bouza Barcia** (La Voz de Galicia, 30 de xuño do 88)

*"Nesta hora de reconstruír e potenciar a unidade de Galicia como pobo, a canción infantil é dos factores fundamentais e imprescindibles". Ramón Piñeiro*

*"O canto é a expresión máis fonda dos nosos sentimentos. Nel sae a emoción, a ledicia, a saudade, a tristeza... as máis diferentes situacións polas que vai pasando o noso espírito. ¡Que ben fora se atopásemos un canto para cada un dos nosos fondos suspiros!. A alma rebenta se non se comunica, se non bota fora a forza do sangue pechado no corazón, se non corta a tensión das súas venas. O que canta goza, aínda que chore ó cantar. Despois do seu alalá, ou seu aturuxo séntese a gusto, disentido, relaxado.*

*A esta forza curativa do canto no terreo persoal podemos unirle esa outra forza social e comunitaria que, por iso mesmo, é dobremente curativa. ¡Que ven se pasa cando imos a unha romaría e rematamos cantando!. Cando imos ou voltamos dunha excursión e alguén se pon a cantar no coche, o espírito entra en calor e aquilo sabe a gloria.*

*Despois dun bo xantar, nunha voda, ou nunha festa, non hai mellor sobremesa que catro pezas anque sexa a medio cantar. Se non cantamos, morremos*

*A esta forza curativa do canto no terreo persoal podemos unirle esa outra forza social e comunitaria que, por iso mesmo, é dobremente curativa. ¡Que ven se pasa cando imos a unha romaría e rematamos cantando!. Cando imos ou volvemos dunha excursión e alguén se pon a cantar no coche, o espírito entra en calor e aquilo sabe a gloria.*

*Despois dun bo xantar, nunha voda, ou nunha festa, non hai mellor sobremesa que catro pezas anque sexa a medio cantar. Se non cantamos, morremos.*

*O canto é como a fala. É unha maneira máis de expresar o que sentimos. Por iso todo o que axude a favorecer a fala e o canto, ten para nós tanta importancia. A mesma importancia que lle damos á persoa, xa que o que constitúe á persoa é a relación e a comunicación cos demais. E relacionarse cos demais é poder contar ós outros o que somos e sentimos, contarlles como vemos o mundo e como nos situamos nel. O medio normal de que dispoñemos para todo isto é a fala e, unido con ela, o canto.*

*Sentimos pena e tristeza ó atopármonos con unha persoa muda. A mesma pena nos dá cando vemos que os pobos poden quedar mudos, sen fala de seu para expresar os seus propios sentimentos e viven dependendo da fala dos outros e dos candos de fora. Se isto chega a suceder algún día, ese pobo morreu como tal pobo. Ao quedar sen fala e sen canto, firmou a súa defunción. Daquela perdeu o máis grande que tiña: os medios de que dispoñía para manifestar os seus sentimentos. Desa maneira perdeuse a si mesmo. Por iso "mentres canten os meniños, Galicia será inmorrante". Esta é a frase que escollemos os "Saraibas" para dar razón e verdade fonda a "Cantareliña".*

### **¿Por que Cantareliña?**

*Como vedes, cando nos decidimos a organizar este certame, foi por algo. Non nos move nin razón política, nin razón económica. Moveunos o descubrir a importancia da fala e do canto como medios insubstituíbles para expresar os sentimentos persoais e colectivos. O mesmo tempo, descubrimos -terrible contradición- a falta de cantos galegos axeitados para os nenos. Non hai practicamente ningún. Isto pareceunos moi grave. Sabemos que o neno o abrirse ao mundo ten necesidade de falar e cantar. Será un neno mudo e tarado se non pode expresar con normalidade o que sente e o que vive. Pero, ademais, soñamos que "Cantareliña" chegue a ser a gran festa dos nenos galegos. Soñamos que a final de Cantareliña se vaia celebrando en diversos sitios de Galicia e que os nenos pasen un día de festa xuntos, falando galego e cantando en galego, sentíndose formar parte dun pobo que ten unha maneira común de expresar os seus sentimentos e unha maneira común de mirar a vida e de estar neste mundo. Soñamos que os que senten ferver nas súas veas sangue galego, e, sobre todo, os que teñen medios e poder para que a Galicia do futuro -os nenos de hoxe- viva sen traumas e sen complexos o seu ser de pobo galego, aporten o seu grao de area. Non teríamos perdón se así non o fixéramos."<sup>3</sup>*

<sup>3</sup> Publicado na Revista OUTEIRO (Caixa Galicia) marzo 1984

Seguro que hai quen se pregunta polas causas da parada de Cantareliña. Son moitas. O feito que eu marchara de San Sadurniño, penso que foi determinante. Pero hai máis. Podemos destacar o cansazo. Martín afirma que “*a organización desbordounos*”<sup>4</sup>. Quer dicir que íamos cansos e non podíamos mais. A gran ilusión do comezo deunos forza para oito anos. ¡Non é pouco! Chegando incluso –pecando de quixotismo– nos últimos tempos a darlle a comida aos Grupos que participaban na final. Porque seguíamos coa teima de que Cantareliña tiña que ser unha festa. Non que aparecera un Grupo-revelación que acaparara toda a atención dos Medios. Nin soamente gravar un disco. Isto tamén o facía e moi ben o amigo Manolo Rico. Queríamos implicar a moita xente; a ser posible a todos os nenos de Galiza e máis. ¡Vaia alegría que nos deu a participación en 1989 dos nenos de Esposende! (Portugal). Pero o traballo era demasiado para tan poucos. É certo que tiñamos moitos colaboradores; outros ríanse polo baixo do burros que éramos. Había incluso que preparar o parque do Pazo da Marquesa que esixía non pequeno esforzo.

Ademais do natural cansazo, amolábanos grandemente que Galicia (por falar dun xeito xenérico) se interesaba máis pola festa do cocido, p.e., ou pola rapa das bestas que por Cantareliña. Foron moitas as felicitacións recibidas, os ánimos, a admiración polo que levábamos entre mans, pero ben percibíamos que, se morría a criaturíña, as bágoas non chegaban ao río. Iso nótase. Dá tristura dicilo. Unha vez máis constatamos nas nosas almas o difícil que é conseguir que a masa da nosa xente valore e empuxe ideas que buscan engrandecer a Terra. A causa está na pobreza que nos envolve; na infravaloración que nos abafa. É como darlle pan a quen non quer comer ou tocar a gaita para quen non quer bailar. Non podo menos de lembrar a [Alfredo Garrido](#) (POLYDOR) ao preparar emocionado o primeiro disco co convencemento de que Cantareliña ía ser algo nunca visto. Nós estabamos convencidos do mesmo, non tanto desde o punto de vista comercial senón cultural. ¡Que engano!!

Por parte das autoridades e dos políticos, aínda que acabaron resolvéndonos os problemas económicos, nunca se sumaron (hai excepcións) con entusiasmo. Viámoslos máis entusiastas apoiando xuntanzas da terceira idade (que ben o merecen) ou bendicindo feiras de gando. E acabamos pensando: “*pois cada tolo coa sua leria*”. Pero ao mesmo tempo méteseche nos miolos: ¿non estaremos un pouco tolos?. E acaba esfarelándoseche o espírito.

*“Novamente as cancións infantís veranse medradas con outras, que pronto pasarán ao dominio popular, engrandecendo o monto delas, que pouco a pouco e ano tras ano, van facendo o patrimonio de temas infantís galegos do que tan necesitados estabamos. Pero.. a conexión con esta festa debería ser máis efectiva e afectiva pola parte de moitos educadores galegos, que aínda lle seguen dando de lado, ou descoñecéndoa”*<sup>5</sup>

De feito, nunha das últimas conversacións cos máximos responsables da RTVG propoñíalles que se fixeran cargo de Cantareliña asumíndoa como un programa deses Medios. Suxeríalles que implicaran aos Colexios e á Xunta para levar a cabo un magno festival nun campo de fútbol, presidido polo Presidente da Xunta. Actuarían os Grupos que se seleccionaran e habería para cada canción unha coreografía sinxela realizada no terreo de xogo por todos os nenos que nos Colexios se prepararan para iso. Sería o día da fala e do canto, da convivencia, da festa dos nenos...do que despois nos Colexios se

<sup>4</sup> Diario de Ferrol, 15-xullo-07

<sup>5</sup> **Xosé Paz Fernández** - La Voz 16-06-89

farían redaccións sobre as vivencias.... Outra vez a mesma trécola: *“iso é moi bonito, pero imposible”*. E así nos vai. Porque non somos tan bobos como para non ver o que se inverte noutros programas que nin fu nin fa.

Quizabes Cantareliña naceu antes de tempo; poida que setemesiña. Naquel intre non había música nas escolas. Todo se reducía a esforzos personales, a individualidades. Na actualidade cadraría moito mellor porque hai máis medios e máis xente interesada na música. E ás veces temos comentado se Cantareliña non tería a desgraza de contar cun pai pobre e mal visto na parroquia política da época. Non o teño nada claro. Sigo pensando que se a criaturiña nace en Cataluña ou no País Vasco outro galo nos cantaría, aínda que o pai fora mal encarado.

*“Sen embargo seguimos a notar a falla de empuxe -dende as institucións e dende os grupos que moven a cultura e saben o que levan entre mans- para darlle calor ás iniciativas encamiñadas a fornecer a nosa conciencia como pobo. Parece como que cada quen vai ao seu tratando soamente de que medre e engorde o seu fillo. Non hai ideas claras nin formulacións coordinadas nos programas que se desenvolven de cara á nosa cultura.*

*“Cantareliña non naceu como “hobby” de quen ten tempo para perder. Vemos como evidente que a fala e o canto son imprescindibles para a expresión da alma dun pobo. E, por desgracia, imos constatando como que a alma de Galicia, o seu característico xeito de ser, de existir, de vivir, de se comunicar... esmorece.*

*Cantareliña quere aportar algo fundamental, precisamente alí onde é máis necesario e urxente o remedio: axudar a reconciliar aos nenos de Galicia coa súa fala mediante o canto; conseguir o aprecio polo propio por medio dunha harmonía interior que non sexa lograda con imposicións e á forza.*

*O noso obxectivo non é facer discos, enlatar cancións. Queremos que os nenos canten e que, cantando, amen a vida, o entorno en que se desenvolven, a terra que os viu nacer, o universo enteiro que nos abraia coa súa inmensidade”<sup>6</sup>*

Rematábamos a presentación do último libreto-disco do ano 1990, *“coa tristura de que poida que sexa a derradeira edición”*...: *“felicitar nos todos porque a Cantareliña será para sempre a lembranza dun tempo ledado e un dos puntos de apoio para o futuro da nosa Terra”*.

Amén.

**Ramón Díaz Raña**

---

<sup>6</sup> Tríptico de presentación 1987